

ACORDO DE GOBERNO PARA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Xurxo Charlín Trigo, con DNI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación este ACORDO DE GOBERNO, en base á seguinte

Exposición de motivos

Visto o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia", dentro do cal as Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión ao convenio.

Á vista do expediente formado, a Concellería de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica, propón que, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello:

1º) MODIFICAR A ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

PRIMEIRO.- Modificar parcialmente a ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles, nos termos que se transcriben a continuación:

1. Engadir un novo apartado ó artigo 4, letra B), punto 1 desta ordenanza fiscal, para a introdución da seguinte bonificación potestativa de carácter rogado por especial interese ou utilidade pública.

ARTIGO 4- Bonificacións

B) Bonificacións potestativas

1. **Bonificacións por especial interese ou utilidade pública**

- **Bonificación por implantación dunha nova actividade económica ou empresarial ou ampliación das instalacións.**

1.- Terán dereito a seguinte bonificación na cota íntegra do imposto os inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer

circunstancias de fomento do emprego. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Para estes supostos declarados de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego a bonificación terá os seguintes tramos:

- Ata 95 por 100 pola creación de mais de 20 postos de traballo
- Cando menos 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

2.- Para a concesión de dita bonificación deberán concorrer, en todo caso, os seguintes requisitos:

-A solicitude de declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por fomento do emprego, deberá realizarse unha vez iniciada a actividade da explotación económica en Cambados, debendo acompañarse á mesma documentación acreditativa de que se cumpran os requisitos previstos no presente apartado.

-O suxeito pasivo do Imposto deberá de ser, necesariamente, o titular da explotación económica que se desenvolva no Inmable sito en Cambados e para a que se solicita a declaración de especial interese ou utilidade municipal por fomento de emprego e/ou sociais.

-O goce definitivo deste beneficio fiscal quedará condicionado, así mesmo, á permanencia en activo dos centros de traballo situados en Cambados, durante o período ao que se aplique a presente bonificación. O suxeito pasivo deberá atoparse ao corrente no pago dos tributos locais e das cotas correspondentes á Seguridade Social. No caso de actividades xa existentes en Cambados, ou de traslado das mesmas, deberá xustificarse que no ano anterior á solicitude non houbo diminución de persoal no centro de traballo para o cal se solicita a bonificación, nin con motivo do traslado. Pola súa banda, anualmente, deberá xustificarse que non se produciu diminución do persoal no centro de traballo situado no inmable obxecto de bonificación. Esta bonificación non será compatible coa aplicación das outras bonificacións fiscais do imposto, reguladas na presente Ordenanza Fiscal.

2. Derrogar a bonificación potestativa por inicio de actividade prevista no guión terceiro do apartado 1, da letra B, do artigo 4 desta ordenanza fiscal.
3. Modificar disposición final desta ordenanza, nos seguintes termos:

A modificación da presente ordenanza fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2019, e permanecendo en vigor hasta a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En Cambados, a 22 de xaneiro de 2018.

Documento asinado na Sede Electrónica do Concello de Cambados, Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Economía, Facenda, Industria, Promoción Económica e Comercio.